

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

En Setembro, ao igual que nos meses anteriores, na área de igualdade realizaremos un destacamento especial á muller e súa importancia no mundo laboral. Deste xeito, búscase promover a importancia das mulleres e o seu labor durante todo o ano. Especialmente, como é o caso este mes, ás mulleres do rural.

A figura seleccionada da provincia é Montserrat Dafonte Álvarez, empresaria e farmacéutica. Nada en Ganade, Xinzo de Limia. A súa empresa, “Farmacia A Bola”, recolle unha gama de produtos moi ampla, brinda todo o necesario para a saúde e o coidado de aqueles que a visitan.

O lema seleccionado para este mes foi “Receitando igualdade”.

A propia Montse contanos a súa experiencia e recorrido ata chegar a ter a tan concorrida farmacia do municipio de A Bola. Así mesmo, contanos que o comezo non foi doado, xa que, coincidiu a apertura do seu centro sanitario ca época da pandemia vivida en 2020.

“Corría o ano 2019 cando comecei a sentir inquiredanzas sobre o meu futuro laboral, e así é como empecei a buscar outros camiños. A idea de irme para o rural non me parecía exótica nin moito menos extraordinaria pois eu veño do rural, polo que rápido me puxen a transitar en dirección a terras de A Bola. Buscaba todo tipo de información que ratificara a atracción que sentía para irme a traballar alí. En xaneiro de 2020 empecei, soa, con moito traballo por diante e chea de ilusión. A sorpresa estaba agochada no mes de marzo, todas e todos a coñecemos, salta o estado de alarma, comeza a pandemia. A miña carta de presentación ía ser baixo unha máscara, esto supuxo un gran reto pero estaba disposta a seguir a diante.”

Ademáis, a farmacia de A Bola conta ca colaboración dun servizo de transporte municipal que entrega os medicamentos que se solicitan polos usuarios e usuarias. Tamén se encarga do desplazamento dos veciños e veciñas ata a farmacia, facilitando desta forma o acceso á medicación.

Montse síntese moi agradecida cas suas usuarias e usuarios. “Gustaríame aproveitar para agradecer a todo o noso público a súa confianza en min e posteriormente no meu equipo tamén, pois foron tempos de moita incertidume para todos e todas nos. “ Ser farmacéutica implica estar cara o público e ter un contacto directo e cercano con él, xa que, a confianza é un factor relevante cando falamos de saúde.

No primeiro aniversario da Farmacia, no 2021, un cliente deixou esta mensaxe: “Ver farmacias no rural que alumean como as da capital fainos sentir mellor e cos medicamentos máis cerca”, foi unha gran satisfacción para Montse leer algo así, porque ela buscaba “Dar un servizo equiparable o de calquer outra farmacia rural ou da capital” tamén matiza o importante que é “Ofertar un servizo cercano e accesible, como levamos facendo dende o comezo e así continuaremos”.

A destacar entre os servizos ofrecidos por Montse na Farmacia A Bola temos o Servizo Personalizado de Dosificación (SPD), no que programan por días e tomas as doses de medicamentos recitados, facilitando deste xeito o consumo dos mesmos, especialmente entre os nosos maiores. Relacionado con este servizo cabe destacar a participación de Montse no concurso de fotografía de Venalink SPD (relacionado co Servizo Personalizado de Dosificación), do que gañou o primeiro premio.

→ Redes Sociais Farmacia A Bola :
<https://www.instagram.com/farmaciaabola?igsh=MWNzYzE4a3hrbm9zaA==>



Imaxe: Montserrat Dafonte no seu negocio, Farmacia A Bola

#igualOU